CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Ampliar o vocabulario mediante o uso de textos recoñecendo o uso de prefixos en certas palabras de uso habitual.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Utilizar un linguaxe que respete as diferenzas persoais.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Responder preguntas cun vocabulario adaptado ó nivel.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Utilizar os recursos verbais para elaborar diversos textos orais e multimodais, de forma coherente.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Mostrar interés por participar en conversacións e debates sobre lecturas realizadas, participando en comunidades lectoras.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		
		TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Contexto - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Procesos: produción escrita

Contidos

- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
5	Versos e poesías.	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e identificar o tema e as ideas principais.	PE	75
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Xestionar os conflitos, de forma dialogada e consensuada, mediante estratexias elementais de comunicación positiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o seu sentido global e os datos fundamentais contidos neles.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Construir e analizar textos sencillos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para eopropósito da lectura.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Evitar discriminacións e prexuízos pola lingua.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Valorar obras literarias de diferentes autores para fomentar o gusto pola lectura.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos literarios de diferentes autores e de distintos temas.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferenciar aspectos formais e informais da lingua.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel. Localizar verbos nun texto dado.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reflexionar sobre os textos propios e alleos, mellorándoos e desenvolvendo o seu espírito crítico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Utilizar os recursos verbais para elaborar diversos textos orais e multimodais, de forma coherente.	TI	25
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Analizar textos sinxelos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para o propósito da lectura.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Realizar unha selección de fontes documentais para seguir un proceso de investigación sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Ser consciente da vertiente literaria dos textos e descubrir elementos propios desa cualidade, intentando aplicarlos ás propias producións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.

Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
6	Vou escribir o que me pasa	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identificar diferentes linguas utilizadas no seu entorno.	PE	75
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e identificar o tema e as ideas principais.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Construir e analizar discursos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para e o propósito da lectura.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Ser consciente da vertiente literaria dos textos e descubrir elementos propios desa cualidade, intentando aplicarlos ás propias producións.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Identificar e valorar los diferentes tipos de textos literarios de tradición oral.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas, respetando as normas gramaticais e escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel, tendo en conta o uso dos signos de puntuación . Identificar adverbios, preposicións e conxuncións nun texto.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos. Recoñecer campo semántico e léxico.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reflexionar sobre os textos propios e alleos, mellorándoos e desenvolvendo o seu espírito crítico.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Utilizar os recursos verbais para elaborar diversos textos orais e multimodais, de forma coherente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Analizar textos sinxelos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para o propósito da lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o seu sentido global e os datos fundamentais contidos neles.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar E contrastar información de diferentes fontes, citándoas de forma adecuada.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Realizar unha selección de fontes documentais para seguir un proceso de investigación sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Xéneros discursivos

Contidos

- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social. Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles

algo vinculado coa súa realidade.

Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 6 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Lengua Castellana: Proyecto construyendo mundos. Santillana.
Portátil de aula e do profesor ou profesora.
Aula virtual e fontes documentais de internet.
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
Biblioteca do centro e de aula, cos seus fondos e recursos.
Libro de lectura "Invisible" de Eloy Moreno.
Radio escolar "Radiola"
Aula creativa do centro con todos os materiais dos que dispón: xogos, material de experimentos, impresora 3D, Croma, mesa de luz...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións lingüísticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as linguas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	14	14	16	16	100
Proba escrita	68	75	75	75	75	75	74
Táboa de indicadores	32	25	25	25	25	25	26

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. En cada trimestre haberá dúas probas escritas que terán o peso indicado correspondente. Valoraranse un 70 % os CONTIDOS con probas escritas e/ou orais e un 30% a ACTITUDE , empregando para isto as táboas de indicadores onde se recollerán:

- Tarefas realizadas en tempo.
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.
- Participación activa e positiva en lingua castelá nas tarefas colectivas e a nivel individual. Esta, cando sexa oral, realizarase seguindo as normas básicas: ton axeitado, agardar a quenda para falar e escoitar a quen o está facendo. Para sumar o 30% da actitude é preciso ter un 4 no apartado de contidos. A nota do trimestre será a media das dúas probas.

Criterios de recuperación:

Para acadar unha avaliación positiva nunha materia, o/a alumno/a precisará obter, como mínimo, un 40% da nota máxima na parte de dominio de contidos, tanto nos controis escritos como nas probas de expresión oral. Poderán realizar un control de recuperación aqueles/as nenos/as que non estén neste caso. A puntuación mínima deberá ser de 5 puntos sobre 10. A nota será a obtida no exame de recuperación á que se penaliza cun 15% de redución, que nunca se aplicará por debaixo do 6.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou

limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

A avaliación inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Unha vez revisado os datos de avaliación de anos anteriores, realizada a avaliación inicial, e, despois de observar a actitude do alumnado na aula durante as tres primeiras semanas de clase, levarase a cabo unha reunión de nivel a comezos do mes de outubro para tomar decisións que teñan que ver con posibles medidas de atención á diversidade. Nesta decisión intervirán o Equipo Docente, Departamento de Orientación e Equipo Directivo.

Por outro lado, cando ao final dun trimestre, resultase unha avaliación negativa, o alumno/a recibirá reforzo por parte da mestra de área ou coa intervención da mestra de Pedagogía Terapéutica, se fose preciso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura do libro "Invisible"	Leremos este libro e contestaranse preguntas de comprensión na aula virtual.	X		
Participación na radio escolar "Radiola".	Prepararanse programas breves referentes a conmemoracións para emitir durante o recreo.	X	X	X
Saídas escolares.	No primeiro trimestre acudiremos aos Cañóns do Sil, no segundo, á Costa da Morte e, no terceiro, está por definir.	X	X	X

Observacións:

Ademais destas tres actividades principais, moitas outras serán integradas nesta materia: O Samaín, O Magosto, As Letras Galegas, O Entroido...a través de tarefas propostas dende o Equipo de actividades extraescolares, o de Dinamización da lingua galega ou o de Biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).
Metodoloxía empregada
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os dous mestres/as do nivel.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
Outros
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005932	CEIP de Curtis	Curtis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A presente programación didáctica está enmarcada no DECRETO 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto anteriormente citado . Por outra banda a presente programación é flexible e susceptible de modificacións para acomodarse ás circunstancias que poidan xurdir ao longo do curso e ás características do alumnado.

A potencialidade das tecnoloxías da información e da comunicación en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas pode aproveitarse na aula para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe da lingua estranxeira e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías. A utilización das TIC posibilita o acceso a información sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma. Así a programación que a continuación se presenta, trata de seguir estas pautas, prestando atención ao uso das tecnoloxías da información como ferramenta para acadar os obxectivos da área nos diferentes niveis. Adícase unha das sesións semanais da materia, a traballo na aula de informática do centro, empregando a aula virtual como canle para ofrecer diferentes actividades ao alumnado, dun xeito motivador e enriquecedor, xa que permite a cada alumno traballar a un ritmo diferente e adecuado aos seus intereses.

Esta programación didáctica será aplicada durante o curso académico 2023/2024 no CEIP de Curtis. En canto ao grupo do 5º nivel de Educación Primaria, é heteroxéneo e , polo tanto, o alumnado presenta diferentes ritmos, estilos de aprendizaxe e necesidades educativas, tendo que adaptar a metodoloxía, organización e recursos ás diferentes características do mesmo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	OUR WORLD	Inclúe a avaliación inicial e a presentación do curso. Nesta unidade traballarase vocabulario e estruturas relacionadas cos países, os pronomes posesivos e a hora.	16	23	X		
2	THE WEEKEND¿S HERE!	Nesta unidade traballarase vocabulario e estruturas relacionadas coas actividades de lecer ou tempo libre e os adverbios de frecuencia.	16	19	X		
3	BOOKS AND FILMS	Nesta unidade traballarase o vocabulario e estruturas relacionadas cos xéneros literarios e de cine e o xeito de expresar os gustos e comentar libros e películas.	17	15		X	
4	WILD WORLD	Nesta unidade traballarase o vocabulario e estruturas relacionadas cos animais, as preposicións de movemento e a expresión de comparación.	17	16		X	
5	WHEN I WAS YOUNG	Nesta unidade traballarase vocabulario e estruturas relacionados cos adxectivos para describir persoas e a expresión en tempo pasado do verbo to be e there is/are, expresando información, preguntando e contestando.	17	11			X
6	INCREDIBLE INVENTIONS	Nesta unidade traballarase o vocabulario e estruturas relacionadas con aparellos que nos rodean, a expresión de datas, números e do tempo pasado, expresando información, preguntando e contestando.	17	21			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	INCREDIBLE INVENTIONS	Inclúe un repaso dos contidos traballados ao longo do curso, empregando xogos coma un boardgame.	17	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	OUR WORLD	23

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Interpreta o sentido de palabras e frases, orais e escritas, nas que se emprega vocabulario e estruturas relativos aos países, nacionalidades, os determinantes posesivos, a hora, cores e números, ofrecendo información, preguntando e contestando.	PE	70
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Escribe textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico relativo aos países, nacionalidades, os determinantes posesivos, a hora, cores e números, ofrecendo información, preguntando e contestando.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados e utilizando recursos verbais e non verbais.	TI	30
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proxecto interdisciplinar que dende a biblioteca se plantexa para este curso, leva por título "Galicia somos nós", e centrarase, para esta área, nas posibilidades que ofrece O Camiño de Santiago, concretamente "The English Way", para poñer ao alumnado en contacto cunha realidade próxima que permita a práctica do idioma en contexto. Tratarase de propoñer actividades relacionadas con este proxecto como situacións para a adquisición da competencia lingüística, que se levarán a cabo se as circunstancias o permiten, e serán de gran axuda para a consecución dos obxectivos da área.

Trataranse de crear situacións comunicativas que permitirán a interacción entre os alumnos, favorecendo ademais o traballo cooperativo en grupo, xa que o resultado da actividade de role play, será tanto mellor canto mellor sexan as relacións entre os integrantes do grupo de traballo.

Desde o punto de vista metodolóxico, tratarase de facer un uso contextualizado da lingua, en situacións comunicativas da vida real que permitan a utilización real e motivadora da lingua. A realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentarmos adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. Farase fincapé na comunicación oral e na consciencia intercultural.

No terceiro ciclo trátase de axudar aos nenos/as para que cheguen a ser estudantes autónomos, desenvolvendo a súa capacidade de comprobar, revisar e corrixir o seu propio traballo.

Ten un papel relevante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, xa que unha sesión semanal empregará para achegar ao alumnado ao uso da ferramenta TIC, entre outras cousas, accedendo á aula virtual do centro, onde se lle ofrecerán actividades que lles permitirán potenciar a comprensión oral e escrita, a través do visionado de stories, short films, songs... e diferentes actividades interactivas nas que se traballará o vocabulario e as estruturas de cada unidade. Este mesmo tipo de actividades permiten poñer ao alumnado en contacto coa cultura doutros países e potenciar a interculturalidade e o respecto pola diversidade, ademais de facilitar o tratamento dos temas transversais.

En canto ás ACTIVIDADES:

Actividades de inicio de lección

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, pósters, cancións, etc.

De desenvolvemento da lección

Cada unha das unidades inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (Vocabulary).
- A lectura e comprensión de textos (Reading).
- As estruturas gramaticais (Grammar).
- Os sons estudados (Pronunciation).
- A comprensión e a expresión oral da lingua en todas as súas vertentes (Listening and Speaking).
- A comprensión e a expresión escrita (Writing).

De reforzo e consolidación

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

De avaliación

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

Actividades de avaliación formativa, onde se avaliará o traballo continuado dos alumnos a través da observación e comprobación da realización de actividades.

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación (probos orais e/ou escritas)

Complementarias

Entre este tipo de actividades pódese incluír a conmemoración de festividadeas características da sociedade anglosaxona.

Tarefas extraescolares

As tarefas extraescolares permitirán contextualizar e empregar o ensinado na clase, favorecendo a personalización e a profundización dos saberes, así como o desenrolo progresivo da autonomía nas estratexias de aprendizaxe, a

autoregulación do tempo e a construción de esquemas persoais para a resolución de problemas. Neste senso, cabe a posibilidade de que o alumnado teña que completar algunha actividade (a desenrolar na aula virtual, no caderno ou calquera outro soporte que se considere axeitado) fora do horario lectivo.

Ensinanza non presencial

Empregarase a aula virtual e/ou a páxina web do centro para presentar contidos e tarefas ao alumnado, neste último caso as tarefas, unha vez feitas polo alumnado, son remitidas ao correo da mestra que as reenviará corrixidas ás familias para que @s alumn@s sexan conscientes da súa evolución no proceso de aprendizaxe.

- actividades que se poden resolver on line (vocabulario e estruturas)
- actividades de comprensión oral basadas nos vídeos e audios que ofrece a páxina da editorial Richmond, e/ou videos extraídos de diferentes páxinas de internet.
- actividades imprimibles ou a realizar nun folio ou caderno, de comprensión oral e escrita e expresión escrita (vocabulario e estruturas básicas)
- actividades do i-book da editorial Richmond
- todas aquelas actividades derivadas do material ofrecido polas editoriais.
- tarefas na aula virtual.

No caso de que se fagan reunións co alumnado, estas levaranse a cabo através de skype e/ou Cisco Webex Meetings. Para enviar e/ou recibir información a canle preferente será Abalar(tamén no caso da ensinanza presencial).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA DE INGLÉS - encerado branco, conexión a cañón para ordenador , internet, lector de CD e corcho.
AULA VIRTUAL ¿ materia Lingua Inglesa .
O ALUMNADO precisa: carpeta, 3 fundas plástico DinA4, libreta de pauta DinA5, estoxo.
MATERIAL DIDÁCTICO - Go far! 5 Student's book, editorial Richmond

Go far! , da editorial Richmond, ofrece a posibilidade de empregar de xeito dixital o student's i-book, resultando motivador e de gran utilidade para o ensino tanto presencial coma telemático.

A aula de informática do centro conta cun número de equipos informáticos suficientes para o alumnado do grupo, cada alumno precisará contar con auriculares, necesarios para desenrolar, sen interferir na actividade d@s seus compañeir@s, as diferentes actividades de comprensión e/ou expresión oral que se plantexen para levar a cabo na aula de informática.

No caso da ensinanza non presencial empregarase:

- Aquel material que as editoriais faciliten para o traballo a distancia
- Libro interactivo Go far!, student's i-book
- Liveworksheets (fichas interactivas)
- Fichas imprimibles do material de Go far! e outras elaboradas pola mestra.
- Todo aquel material extraído de páxinas web que se considere adecuado.
- Tarefas na aula virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado do grupo para coñecer o nivel de partida no que se atopan, para isto aplicarase unha proba escrita con actividades de comprensión oral e/ou escrita así coma de expresión escrita, correspondentes ao curso anterior.

O resultado da proba servirá para decidir posibles medidas encaminadas a encauzar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	17	17	17	17	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A nota que obterá o alumno en cada trimestre, calcularase do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE

Unidade 1- 50%

Unidade 2- 50%

2º TRIMESTRE

Unidade 3- 50%

Unidade 4- 50%

3º TRIMESTRE

Unidade 5- 50%

Unidade 6- 50%

A avaliación final calcularase do seguinte xeito:

1ª AVALIACIÓN $\hat{=}$ 32%

2ª AVALIACIÓN $\hat{=}$ 34%

3ª AVALIACIÓN $\hat{=}$ 34%

En todo caso para que a nota obtida nunha avaliación trimestral polo alumno (como resultado de aplicar a porcentaxe correspondente á consecución dos diferentes CA implicados nela), sexa igual ou superior a 5 sobre 10, é imprescindible que o alumno teña obtido en cada unha das probas escritas da dita avaliación, unha nota igual ou superior a 4 sobre 10.

Cando a cualificación obtida, tanto na avaliación trimestral coma na final, teña decimais, actuarase do seguinte xeito:

- Se os decimais se atopan entre ó 1 e ó 49, tomarase únicamente a parte enteira que conformaba a cualificación,

- Se os decimais se atopan entre ó 50 e ó 99, tomarase o número enteiro inmediatamente superior como cualificación.

Criterios de recuperación:

Cando o alumno/a non acade unha valoración positiva nunha proba escrita (nota inferior a 5 sobre 10), poderá recuperala realizando unha proba de recuperación, que de ser superada de xeito positivo (puntuación de 5 ,ou máis, sobre 10), substituirá a cualificación acadada nun primeiro momento, por un 5 sobre 10, independentemente da nota obtida. Cando a causa da valoración negativa sexa a non consecución dun criterio con instrumento de valoración diferente á proba escrita, para a recuperación empregarase o mesmo instrumento. Informarase desta medida ao alumno, e á súa familia a través da axenda do alumnado e/ou Abalar .

6. Medidas de atención á diversidade

Debemos ter en conta que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas .

As adaptacións curriculares centraránse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adaptadas para as necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse, na medida do posible, contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes				X		
ET.7 - Educación para a paz e a prevención e resolución pacífica de conflitos	X		X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde					X	

Observacións:

A educación para a paz e a prevención e resolución pacífica de conflitos, aínda que será abordada ao longo de todo o curso, nas situacións que o propicien, terá especial tratamento na celebración do DÍA CONTRA A VIOLENCIA E BULLYING (3 de novembro) e o DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ,(30 de xaneiro), de igual xeito a igualdade entre homes e mulleres estará presente en todas as actividades e será especialmente abordada con motivo da celebración do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (8 de marzo). En canto á educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, dun xeito especial tratarase o DÍA MUNDIAL DA AUGA (22 de marzo), o DÍA DA TERRA (23 de abril) e o DÍA MUNDIAL DO MEDIOAMBIENTE (5 de xuño). A educación para a saúde estará presente ao longo de todo o curso e cobrará especial relevancia coa celebración do DÍA MUNDIAL DA SAÚDE (7 de abril).

A competencia dixital cobra unha importancia relevante ao longo de todo o curso, xa que se lle adica unha sesión semanal.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CONTO INTERACTIVO	Compañía FACE2FACE : Abracadabra!		X	

Observacións:

Se é posible, tratarase de que o alumnado teña acceso, dun xeito lúdico, á literatura e teña contacto directo con falantes nativos da lingua estranxeira.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a programación ao longo do curso e, se é preciso, realizo e anoto as modificacións.
Cumpro coa temporalización establecida na programación.
Metodoloxía empregada
Fomento a participación activa do alumnado na clase.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilizo recursos didácticos, materiais e tecnoloxía de xeito efectivo para a ensinanza.
Medidas de atención á diversidade
Adapto a ensinanza ás necesidades individuais do alumnado.
Clima de traballo na aula
Manteño un ambiente de clase inclusivo, respetuoso e ordenado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Manteño unha coordinación didáctica adecuada co equipo docente.
Manteño unha comunicación efectiva coas familias ou titores legais, para compartir información sobre o progreso do alumnado.
Outros
Explico os conceptos de xeito claro e comprensible
Proporciono retroalimentación constructiva ao alumnado.
Participo en actividades de desenvolvemento profesional, como obradoiros, conferencias e cursos.

Descrición:

Tratarase de facer un seguimento trimestral que valore o grado de consecución dos indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a programación didáctica, tendo en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da programación didáctica no apartado correspondente da aplicación PROENS:

- reunións trimestrais de coordinación de ciclo do equipo docente,
- en cada unidade didáctica: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas,
- grado de cumprimento da programación didáctica atendendo aos indicadores de logro,
- propostas de mellora e outras observacións

2. Actividades complementarias:

- realizáronse ou non.

Establecerase unha ficha de seguimento da programación na que se evalúan as unidades programadas e impartidas, no caso de desacordo, nesa mesma ficha indicaranse o motivo e que medidas de mellora se realizarán.

9. Outros apartados

1. PLAN DE CONVIVENCIA

O centro conta con un plan de convivencia no que se articula a convivencia escolar, para garantir unha educación no exercicio dos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Este documento inclúe as normas de convivencia do centro e, entre outras cousas, establece as condutas contrarias á convivencia e as correccións que se corresponden ao seu incumprimento. Cabe sinalar que o centro dispón dunha aula de convivencia, unha medida correctora educativa que supón un recurso para que o alumnado ao que se lle aplique a medida aprenda a respetar ás demais persoas.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005932	CEIP de Curtis	Curtis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación desenvólvese nun centro no que hai matriculados arredor de 120 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria e 2 para os tres niveis de educación Infantil. Está situado na vila de Curtis, un dos dous principais núcleos de poboación do concello, onde se atopa maior parte da poboación, o resto está dispersa en pequenos núcleos rurais.

O grupo de 5º de Primaria conta con 17 alumn@s, 10 residen na vila, 4 en núcleos rurais do concello e 3 en municipios colindantes. Todos eles teñen acadados os obxectivos en lingua galega e literatura no nivel anterior. A lingua materna da maioría deles é o castelán e a moitos destes resúltalles difícil empregar a lingua galega a nivel oral. Conseguir que estes teñan unha destreza suficiente neste aspecto será un dos obxectivos principais ao longo deste curso académico.

Ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen a súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 6 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

En cada unha das unidades vanse tratar a comprensión oral e escrita , expresión oral e escrita , vocabulario , gramática , ortografía e literatura .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Devagar por Galicia. Cidades históricas.	Tipos de textos: expositivos. Vocabulario: O galego. Variedades dialectais. Sinónimos e antónimos. Gramática: Tipos de palabras. O substantivo, o grupo nominal. Ortografía: As maiúsculas e a acentuación. Literatura: Textos literarios e non literarios. Os xéneros literarios. Estratexias de comunicación oral.	20	28	X		
2	Entre ríos e bosques.	Tipos de textos: descritivos. Vocabulario: Formación de palabras. Sufixos e prefixos. Formación de substantivos. Gramática: A comunicación. O adxectivo. o determinante. Ortografía: b/v; g, gu, gü, c, z. Literatura: A lírica.	20	28	X		
3	Os piares da nosa terra.	Tipos de textos: periodísticos. Vocabulario: Formación de verbos, formación de adxectivos. Gramática: O pronome e o adverbio. Ortografía: ll/i; a ver, haber; por que, porque.	14	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Os piares da nosa terra.	Literatura: A narración.	14	20		X	
4	Mar de fondo.	Tipos de textos: argumentativos. Vocabulario: onomatopeias, siglas, abreviaturas. Gramática: o verbo. Ortografía: h, x: senón e se non. Literatura: a narrativa galega.	14	20		X	
5	Lecer no rural.	Tipos de textos: publicitarios. Vocabulario: Palabras tabú, eufemismos, palabras coloquiais,. Gramática: Clases de oracións. A oración: suxeito e predicado. Ortografía: signos de puntuación. Literatura: o teatro.	16	22			X
6	A lingua entre nós e o mundo.	Tipos de textos: publicitarios. Vocabulario: arcaísmos, estranxeirismos, neoloxismos. Gramática: Os enlaces. Ortografía: signos de puntuación. Literatura: teatro galego.	16	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Devagar por Galicia. Cidades históricas.	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Comprende textos escritos expositivos axeitados á súa idade.	PE	60
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Escolle para a lectura persoal obras literarias . Entende a diferenza entre textos literarios e non literarios.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe ó ditado con maiúsculas e acentuación correcta. Identifica substantivos e grupos nominais nun texto dado.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Diferencia sinónimos e antónimos.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros e compañeiras con lingua materna diferente.	TI	40
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Expresa correctamente de xeito oral vivencias diarias.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Emprega axeitadamente os recursos da biblioteca escolar.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Investiga a través das TIC para a realización de traballos do proxecto.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Busca similitudes no vocabulario castelán e galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	Entre ríos e bosques.	28

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Contesta con precisión preguntas de comprensión oral nun texto sinxelo.	PE	72
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende textos escritos sinxelos e axeitados á idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora textos descritivos coherentes empregando a ortografía e presentación correctas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Emprega correctamente b, v, g, gu, gü, c e z.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Escribe poemas con dificultade axeitada á súa idade.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece estrofa, verso e rima.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica adxectivos e determinantes nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece prefixos e sufixos en palabras de uso frecuente.		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Recoñece estereotipos e prexuízos lingüísticos.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa en galego na aula e escoita con atención.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita prexuízos e usos lingüísticos discriminatorios.	TI	28
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Busca información sobre o proxecto do centro ou no xornal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Le en silencio e de xeito individual na hora de ler.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos descritivos tendo en conta vocabulario axeitado, ortografía e presentación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Identificación de recursos literarios básicos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da or - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Os piares da nosa terra.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabra clave en textos breves	PE	51
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Elabora textos sinxelos a partir dunha ortografía dada.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece en textos pronomes e adverbios .		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece inglés, castelán e galego.	TI	49
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Emprega correctamente de xeito oral vivencias diarias.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Elabora un pensamento crítico para evitar discriminación lingüísticas.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Acude á biblioteca cumprindo as normas e localiza os diferentes tipos de lecturas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Le obras literarias en galego como opción escollida de xeito persoal.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Infire o significado de certas palabras polo contexto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega. - Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. - Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
4	Mar de fondo.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora textos argumentativos sinxelos coidando a presentación, o vocabulario e a ortografía.	PE	53
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os verbos nun texto narrativo breve.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece onomatopeias e interpreta siglas e abreviaturas en textos dados.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Entende a cooficialidade das linguas, así como a igualdade nos usos de ambas.	TI	47
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	Establece diálogos na solución de conflitos e propóns solucións.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa correctamente a lingua tendo en conta a perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Utiliza correctamente as TIC.		
